



CIRCULAR 32-2023.

VII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 20, SUB 18 E SUB 16.

- *A todas as delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A F.G.A. e organizará co patrocinio do Concello de Vigo, o VII Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Sub 20, Sub18 e Sub16 o 4 de marzo de 2023 nas pistas de atletismo de Balaidos (Vigo)

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

Art.3).- Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 15 mellores marcas (6 sub 16 , 5 Sub 18 e 4 Sub 20), conseguidas durante a tempada 2022 ou 2023.

En caso de que nalgunha das categorías non se completen as prazas, estas serán asignadas á categoría que teña menos participantes. En caso de empate asignarase dita praza á categoría menor.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 27 de febreiro de 2023.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 1 de marzo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo unha multa de 5 euros.

Art.5).-Cada atleta Sub 16 e Sub 18 , só poderá participar en dúas probas. No caso de estar aceptado en máis de dúas terá ata o mércores 1 de marzo ás 10:00h para darse de baixa na que non vai a competir. No caso de non facelo, a FGA o borrará daquela proba na que se atope peor clasificado.

Art.6).- Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7). Pase á mellora: 8 mellores marcas e polo menos 2 atletas de cada categoría.

Art.8).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.9).- Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma. Salvo a homologación da Xavelina Feminina que será ata as 09:10h.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.10).- Horario provisional. O horario definitivo publicarase en función dos inscritos.

HORARIO PROVISIONAL		
XORNADA DE MAIÁ		
10:30h	Xavelina	Feminino
12:00 h	Xavelina	Masculino
13:30 h	Martelo	Feminino
XORNADA DE TARDE		
15:45 h	Martelo	Masculino
17:15 h	Disco	Feminino
18:45 h	Disco	Masculino

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA: competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 17 de febreiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo